



**ASUNTO:** Informe de de fiscalización previa á aprobación dos Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexirán a contratación mediante procedemento aberto do servizo de axuda no fogar do Concello de Chantada, por un valor estimado de 4.199.505,42€.

De acordo co artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por o que regúlase o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, o artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRFL, o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público, e a Base 33.6 das Bases de Execución do Orzamento, emítase o seguinte

### INFORME DE FISCALIZACIÓN PREVIA LIMITADA DE INTERVENCIÓN

#### PRIMEIRO.- ANTECEDENTES RELACIONADOS COA FISCALIZACIÓN.

- Providencia de inicio.
- Certificado de existencia de crédito.
- Informe de secretaría.
- Pregos de cláusulas administrativas particulares, asinados polo Alcalde da Corporación.
- Informe de secretaría.

#### SEGUNDO.- COMPROBACIÓN DE EXTREMOS DE CARÁCTER XERAL.

**Existencia de crédito orzamentario e que o proposto sexa o adecuado á natureza do gasto.**

**Contrato plurianual.** Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**Órgano competente para a tramitación do expediente.**

**Alcalde.** O valor estimado do contrato non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e a contía do mesmo non supera os seis millóns de euros. Avocación.

**Xunta de Goberno Local.** Delegación de competencias Decreto 297/2019.

**Pleno.** O valor estimado do contrato supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e a contía do mesmo supera os seis millóns de euros.

#### TERCEIRO.- EXTREMOS ESPECÍFICOS OBXETO DE COMPROBACIÓN.

Que existe prego de cláusulas administrativas particulares ou, no seu caso, documento descritivo, informado polo Secretario da Corporación.

Que existe prego de prescricións técnicas do servizo ou, no seu caso, documento descritivo.

Cando se utilice modelo de prego de cláusulas administrativas, verificar que o contrato para celebrar é de natureza análoga ao informado polo Servizo Xurídico.

Non estamos neste suposto.

Que se xustifica no expediente a carencia de medios suficientes para a prestación do servizo pola propia Administración polos seus propios medios.

Que o obxecto do contrato está perfectamente definido, de maneira que permita a comprobación do exacto cumprimento das obrigacións por parte do contratista.

Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece, para a determinación da mellor oferta, criterios vinculados ao obxecto do contrato; que cando se utilice un único





criterio, este estea relacionado cos custos, de acordo co artigo 146.1 da Lei de Contratos do Sector Público; se o único criterio a considerar é o prezo, verificarase que este sexa o do prezo máis baixo; e nos casos en que figuren unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados na mellor relación calidade-prezo, que se establezan conforme criterios económicos e cualitativos.

Nos casos en que o procedemento de adxudicación proposto sexa o do diálogo competitivo verificarase así mesmo que na selección da mellor oferta tómasse en consideración máis dun criterio de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo. Non estamos neste suposto

Cando se prevexa a utilización de varios criterios de adxudicación ou dun único criterio distinto do prezo, que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece os parámetros obxectivos para identificar as ofertas anormalmente baixas.

Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo prevé, cando cumpra, que a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor a de presentarse en sobre ou arquivo electrónico independente do resto da proposición.

Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece polo menos unha das condicións especiais de execución que se enumeran no artigo 202.2 da Lei de Contratos do Sector Público e a obrigaación do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio colectivo sectorial de aplicación.

Cando se propoña como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, comprobar que se cumpren as condicións previstas no artigo 159.1 da Lei de Contratos do Sector Público.

No caso de que este procedemento tramítese segundo o previsto no artigo 159.6 da devandita Lei, verificarase que non se supera o valor estimado fixado no devandito apartado e que entre os criterios de adxudicación non hai ningún avaliable mediante xuízos de valor.

Cando se propoña como procedemento de adxudicación un procedemento con negociación, comprobar que concorre algún dos supostos previstos nos artigos 167 ou 168 da Lei de Contratos do Sector Público para utilizar o devandito procedemento.

Non estamos neste suposto.

Que a duración do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo axústase ao previsto na Lei de Contratos do Sector Público.

Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 167 da Lei de Contratos do Sector Público; e no caso de que se recoñezan primas ou compensacións aos participantes, que no documento descritivo fíxase a contía das mesmas e que consta a correspondente retención de crédito.

Non estamos neste suposto.

Cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de modificar o contrato nos termos do artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, verificar que a porcentaxe prevista non é superior ao 20 por 100 do prezo inicial; e que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

Cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da poxa electrónica, verificar que os criterios de adxudicación a que se refire a mesma baséense en modificacións referidas ao prezo e, no seu caso, a requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.

Non estamos neste suposto.

Nos supostos dos artigos 4 e 5 así como disposición adicional segunda da Orde EHA/1049/2008, do 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada que se acompaña o informe favorable da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

Non estamos neste suposto.





**CUARTO.- ESTABILIDADE E SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA.**

Dacordo coa Disposición adicional terceira da Lei 9/2017, “*Os actos de fiscalización exércense polo órgano Interventor da Entidade local. Esta fiscalización recaerá tamén sobre a valoración que se incorpore ao expediente de contratación sobre as repercusións de cada novo contrato, excepto os contratos menores, no cumprimento pola Entidade local dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira que esixe o artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira*”

O principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira, como a débeda comercial.

Non vai ser necesario con este contrato acudir a una operación de crédito, polo cal non se ve alterada débeda financeira.

O principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos orzamentarios SEC-10, é a diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos, non se ten que ver alterada.

**SIXTO.- RESPONSABILIDADES.**

En canto as responsabilidades das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións públicas, sinala a **Disposición Adicional Vixésima Oitava** da Lei 9/2017, que “*1. La responsabilidad patrimonial de las autoridades y del personal al servicio de las Administraciones Públicas derivada de sus actuaciones en materia de contratación pública, tanto por daños causados a particulares como a la propia Administración, se exigirá con arreglo a lo dispuesto en la Ley 40/2015, de 1 de octubre, del Régimen Jurídico del Sector Público, así como en la normativa reglamentaria de desarrollo de la misma.*

*2. La infracción o aplicación indebida de los preceptos contenidos en la presente Ley por parte del personal al servicio de las Administraciones Públicas dará lugar a responsabilidad disciplinaria, que se exigirá conforme a la normativa específica en la materia.*”

**SÉPTIMO.- RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.**

**Procede a tramitación do expediente**, nos termos do artigo 219.2 do TRLRFL.

O presente informe emítese no exercicio do control de gastos e ingresos atribuído a esta Intervención

**En Chantada, a data da sinatura electrónica.**

**A Interventora,**

**Asdo. Mª Cristina González Santín**

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

